Proxecto EPÍSTOLA
Consello da Cultura Galega

## Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

### Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 23/01/1962

**Colección:**
**Data:** 23/01/1962
**De:**
Luís Seoane;
**Para:**
Domingo García-Sabell;
**Orixe:**
Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)
**Destino:**
Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)
**Ficha descriptiva:**
[Carta mecanografada]
**Localización física:**Fundación Luis Seoane
**Mencionados:**
Claude Debussy; Maruxa Seoane;

---

### Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 23/01/1962

Buenos Aires, 23 de xaneiro de 1962

Sr. D.
Domingo García Sabell
Santiago

Querido Domingo:

Tiven noticias fai poucos días do fallecimento da tua nai, e queremos Maruja i eu estar presentes contigo e os teus niste intre. Eu conocina fai moitos anos, é posíbel que tí non te lembres, na tua casa, xunto co fato de amigos, non sei si todos, que nos xuntábamos no Café Suizo. Tiñamos ido contigo unha tarde a escoitar música. ¿Cantos anos hay? Quizáis trinta. Tiñamos todos vinte anos ou arredor diles. Tua nai foi pra min coma unha visión silenciosa e chea de encanto, e dende entón

quedou na miña lembranza xunguida á música de Debussy que penso escoitei isa tarde por vez primeira.

Quería decirche soio isto ao tempo que Maruja i eu participamos da vosa door.

Unha aperta forte de:

Seoane.

**Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*
*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*
*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

***Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":***
*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio subscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*
*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

**Consultas e colaboracións:**
Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.